

VI CURSO DE VERÁN SOBRE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA “TRABALLANDO EN LINGUA”. CREATIVIDADE PARA A LINGUA

Introdución

Continuando a liña comezada o ano pasado, deseñamos nesta ocasión un programa innovador, en que o máis importante será a participación construtiva das persoas asistentes que serán as responsables de chegarmos a conclusións de interese. O Servizo de Normalización Lingüística da UDC, en colaboración coa Coordinadora de Traballadoras e Traballadores de Normalización da Lingua, ofrece espazos e elementos de debate coa intención de xerar discursos tras escoitar voces que nos transmitan a súa experiencia e de reflexionar sobre a creación de espazos alternativos que guíen o camiño. Velaquí, pois, o reto por que decidimos apostar nesta nova edición de Traballando en Lingua que tentará pescudar nas ligazóns entre política lingüística e política cultural.

Obxectivos xerais:

- Reflexionar sobre a vinculación entre política lingüística e política cultural.
- Analizar os elementos de política lingüística que se teñen en conta nas accións culturais.
- Avaliar as accións relacionadas coa cultura que se utilizan nas políticas lingüísticas.
- Presentar accións para a normalización e a dinamización lingüísticas que teñan como obxectivo intervir nas actividades e nos espazos de lecer.
- Afondar na importancia da lingua para os espazos de lecer.

Metodoloxía:

Combinación de sesións teóricas e de sesións prácticas, formativas, de análise e de traballo conxunto con inclusión de relatorios, grupos de traballo, presentación de experiencias, obradoiros, mesas de traballo e debates.



Lugar e datas

14, 15 e 16 de xullo

Concello de Carballo
Pazo da Cultura
Rúa do Pan s/n
15100 Carballo (A Coruña)

Duración

25 horas

Persoas destinatarias

Todas aquelas persoas interesadas na dinamización lingüística e no proceso de normalización da lingua galega, especialmente as que traballen nestes ámbitos específicos: estudantado; técnicos/as de normalización lingüística; técnicos/as de cultura; animadores/as socioculturais; asistentes/as sociais; docentes (de primaria, de secundaria e de ciclos formativos).

Custo da actividade

30 euros para as persoas que pertenceren aos seguintes colectivos: comunidade universitaria da UDC, persoas desempregadas e socios/as da CTNL (Coordinadora de Traballadoras e Traballadores de Normalización da Lingua)

50 euros para todas as demais persoas participantes

O pagamento da actividade inclúe a entrega de toda a documentación que se utilice durante o curso, a asistencia ás actividades complementarias e o xantar dos dous días en que hai xornada completa.

Esta actividade financiarase con cargo á partida orzamentaria 9890.9995.422D.226.06 (Actividades de formación, Servizo de Normalización Lingüística) da UDC.

Inscripción

Farase cubrindo o formulario dispoñible na páxina web do Servizo de Normalización Lingüística da UDC (www.udc.es/snl), terá que se entregar neste servizo **antes das 14:00 h do 23 de xuño** de 2010. A relación de persoas admitidas publicárase na páxina web do Servizo. Poderán formalizar definitivamente a matrícula tras pagaren a cantidade correspondente a través da folla de pagamento que se lles facilitará no Servizo de Normalización Lingüística e na Oficina de Cursos e Congresos (Casa do Lagar, campus de Elviña) e tamén na páxina web www.udc.es/snl. O xustificante de pagamento deberá ser entregado no SNL **até o día 8 de xullo**. Este envío poderá



realizarse a través do correo postal ou cunha copia electrónica ao enderezo deste servizo (snl@udc.es).

O máximo de persoas que poderán participar é de 60. De existiren máis solicitudes que prazas, seguirase a orde de entrada das solicitudes de preinscrición.

Para obter o certificado é obrigatorio asistir ao 90% das horas programadas.

Organización

Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, en colaboración co Concello de Carballo e a Coordinadora de Traballadoras e Traballadores de Normalización da Lingua.

Programa

MÉRCORES 14 DE XULLO

9.00 h a 10.30 h	Recepción e entrega de documentación
10.30 h a 11.00 h	Inauguración do curso con almorzo conxunto: Evencio Ferrero Rodríguez, alcalde co Concello de Carballo Xoán Manuel Sande, deputado responsable de Normalización Lingüística na Deputación da Coruña Goretti Sanmartín Rei, directora do Servizo de Normalización Lingüística da UDC Nel Vidal Barral, presidente da CTNL
11.00 h a 12.30 h	Daniel Romero “As accións culturais e de lecer na política lingüística”
13.00 h a 14.30 h	Xavier Campos “A política lingüística na acción cultural e de lecer”
15.00 h	Xantar conxunto
16:30-18:00	“Obradoiro lúdico-creativo de dinamización lingüística: ecoloxía e lingua”, Séchu Sende
18:00-18:30	Pausa-café
18:30 a 19:30	“A experiencia do teatro radiofónico”, Ana Romaní
19.30 h a 21.00 h	Presentación de novos soportes para a difusión da lingua galega: “Novas canles para a manifestación literaria” Lucía Aldao e María Lado

XOVES 15 DE XULLO

10.00 h a 12.00 h	Táboa redonda: Lingua galega, lecer e manifestacións culturais Análise: María Yáñez Experiencias: M ^a Xosé Silvar (música) e Lucía Aldao (literatura)
12.00 h a 12.30 h	Pausa-café.
12.30 h a 14.30 h	Grupos de traballo Grupo de traballo 1: Cultura e lecer Grupo de traballo 2: Novas manifestacións culturais e de lecer
15.00 h	Xantar conxunto
16.30 h a 18.30 h	Táboa redonda: Lingua galega, lecer e diversidade Análise: Leonardo Fernández Campos Experiencias: Marta Souto (programa Xogas?), Dores Tembrás (clubs de lectura) e Santiago Prado Conde (o traballo cultural no ámbito rural)
18.30 h a 19.00 h	Pausa-café
19.00 h a 21.00 h	Grupos de traballo Grupo de traballo 1: Oferta cultural e de lecer para todas as idades Grupo de traballo 2: Oferta cultural para a diversidade social e cultural
22.00 h	Concerto: Sés

VENRES 16 DE XULLO

9:45-11:45	Táboa redonda: Lingua galega e axentes Análise: Luís Bará Experiencias: Alberto García (xestión cultural), Paco Veiga (Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional) e Henrique González Martínez (A Gentalha do Pichel)
11.45 h a 12.00 h	Pausa-café
12.00 h a 14.00 h	Grupo de traballo 1: O papel dos gobernos, das institucións e da empresa privada como promotores e mecenas Grupo de traballo 2: O papel das empresas culturais, de técnicos/as, do asociacionismo e do público
14:00	Clausura "A comprensión xurídica da lingua como ben cultural", Carlos Amoedo

A Coruña, 21 de maio de 2010

O vicerreitor de Cultura e Comunicación

Luis Caparrós Esperante